

El Progreso

Galiciae

LITERATURA

Medio centenar de persoas homenaxean en Sarria á escritora Xela Arias

Etiquetas: Sarria, homenaje, Xela Arias, literatura, cultura

Galiciaé / Axencias. Algo máis de medio centenar de persoas homenaxearon hoxe á escritora lucense Xela Arias (Lugo, 1962), falecida hai algo máis dunha década, e á que recordaron co descubrimento dunha placa no que fose o domicilio familiar.

Amigos, personalidades da cultura como a escritora Marica Campo, da política, como o histórico nacionalista Xosé Manuel Beiras; ou o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez Iglesias, ademais de familiares, como a súa nai, Amparo Castaño, acudiron hoxe ao lugar de Vilerma, na parroquia sarriá de Maside.

A choiva non impediu honrar a esta licenciada en Filoloxía Hispánica que pasou a maior parte da súa vida na cidade de Vigo, onde chegou a ser un referente no mundo editorial e da poesía da muller. A pesar de proclamar a independencia de corpos e ideas, o seu corpo puido con ela. O poeta e tradutora lucense Xela Arias Castiñeiro morreu o 2 de novembro de 2003 en Vigo a consecuencia dun ataque cardíaco. Tiña soamente 41 anos.

Filla do desaparecido Valentín Arias, o que foi xerente de Galaxia e presidente da Asociación de Tradutores Galegos, Xela naceu en Lugo, aínda que ao pouco tempo trasladouse a Vigo coa súa familia. En 1980 entrou no equipo de Xerais, xunto a Xulián Maure e Roberto Pérez Pardo, onde desempeñou, ata 1990, o traballo de correctora de estilo e tradutora.

A partir de 1990 diversificou o seu traballo entre varias editoriais e tras licenciarse en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo exerceu de profesora de Ensino Secundario. Como tradutora, realizou a translación ao galego de obras como *Amor de perdición* (Xerais, 1986), de Camilo Castelo Branco, que obtivo o Premio da Sociedade da Lingua Portuguesa.

Despois preparou *O bosque animado* (Xerais, 1987), de Fernández Flórez, *Dublineses* (Xerais, 1990), de Joyce, *O derradeiro dos mohicanos* (Xerais, 1993), de Fenimore Cooper, e *Venus negra* (Xerais, 2002), de Angela Carter.

Antes de morrer, estaba a traducir *Ancho Mar de Sargazos*, de Jean Rys. As súas traducións fixérona merecedora de galardóns como o Premio Ramón Cabanillas.

Como poeta publicou en 1986 *Denuncia do equilibrio*, en 1990 *Tigres como cabalos*, *Darío a*

diario, sobre a maternidade, e *Intempériome*. No seu discurso proclamaba a súa independencia e sinceridade artística por encima de perspectivas formais e morais, e mencionaba a independencia dos corpos e a independencia das ideas.

"Xela cuestionou e subvertiu as construcións xenéricas e lingüísticas, tamén os límites tradicionais impostos ao texto, mediante un labor creativo no que a provocación sempre estivo intimamente ligada á reflexión fonda, lúcida e intelixente", sinalou a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Na súa obra *Darío a diario* (1956), o poeta ofreceu aos seus lectores un singular e conmovedora análise da maternidade, e en *Intempériome* (2002), a autora consolidouse, segundo a AELG, cunha liña propia por encima de xeracións e cunha forte coherencia interna.

06/09/2014